

PROGRAMAS INCLUSIÓN BÁSICA POBOACIÓN XITANA

A Concellería de Benestar Social e Maiores a través dos servizos sociais comunitarios desenvolve programas de inclusión básica, residencial e de mediación coa poboación xitana do municipio dando continuidade aos programas xa iniciados en anos anteriores .

Estas accións están subvencionadas pola Xunta de Galicia e cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Operativo FSE+Galicia 2021-2027. Inclúen actuacións de apoio á inclusión social básica coa atención individualizada, mellora das competencias sociais básicas mediante o fortalecemento das capacidades persoais transversais e profesionais, sociais e de formación dixital, apoio na inclusión residencial, mediación social e intercultural e apoio socioeducativo das persoas menores en idade escolar.

Búscase mellorar a inclusión nas áreas de vivenda, educación , saúde, muller, socialización, formación e emprego con un enfoque de inclusión integral e integrado tendo en conta de xeito transversal a garantía de igualdade entre homes e mulleres atendendo a situación de desvantaxe e discriminación múltiple que sofren as mulleres xitanas

Os programas subvencionados son:

P.INCLUSIÓN SOCIAL BÁSICA : Realízase un estudo e valoración persoalizado, unha diagnose e avaliación competencial que permita a definición do perfil persoal e profesional así como o deseño dun itinerario socio-laboral personalizado que permita incrementar a cualificación básica e profesional da poboación xitana de cara a mellorar a súa empregabilidade e o seu acceso ao mercado de traballo por conta allea con accións que favorezan a participación da muller xitana.

Actuacións que favorezan o acceso e uso normalizado dos servizos públicos e que favoreza a inclusión sociolaboral da poboación Roma/xitana con orixe nos países do leste.

P INCLUSIÓN RESIDENCIAL: Promover o acceso e mantemento dunha vivenda , mellora da calidade do aloxamento reducindo o número de vivendas que poidan ser consideradas infravivendas . Acompañamento nos procesos de transición a recursos residenciais estables. Accións de prevención da discriminación no mercado inmobiliario, seguemento do programa de erradicación do chabolismo

e participación, accións de apoio e acompañamento integral coa familia e o entorno, accións de orientación laboral e acompañamento na busca activa de emprego e na intermediación con empresas . Mellora da comunicación e relación na solución de

P MEDIACIÓN SOCIAL E INTERCULTURAL: garantir a orientación e o acompañamento social da poboación xitana para evitar o sentimento de discriminación por esta condición nos distintos ámbitos : saúde, educación, emprego e participación, accións de apoio e acompañamento integral coa familia e o entorno, accións de orientación laboral e acompañamento na busca activa de emprego e na intermediación con empresas . Mellora da comunicación e relación na solución de conflitos e acceso normalizado nos distintos ámbitos, saúde, vivenda, educación, participación. Accións tendentes a incorporación social da poboación xitana con orixe noutros países europeos.

INCLUSIÓN E TRANSICIÓN AO EMPREGO CON PERSOAS SEN FOGAR E FAMILIAS EN EXCLUSIÓN SOCIAL

O equipo de inclusión do Concello de Lugo ten como obxectivo esencial promover a inserción social e laboral de colectivos en situación ou grave risco de exclusión social adquirindo as habilidades necesarias para evitar a súa vulnerabilidade aos cambios nos procesos socioeconómicos posibilitando o acceso e transición ao emprego .

Comprende o desenvolvemento de itinerarios personalizados e integrais de inserción dende unha perspectiva ligada as potencialidades do territorio e ao seu tecido produtivo.

O equipo actúa sobre os factores condicionantes da exclusión para promover unha mellora na formación que favoreza o acceso a un emprego. Realiza o deseño seguimento e avaliación do proxecto de inclusión social e/ou sociolaboral; acompañamento social; accións para a adquisición e/ou fortalecemento das capacidades persoais e sociais, as accións promotoras do acceso e permanencia no mercado laboral; a mediación laboral; a prospección e intermediación laboral activa; o apoio socioeducativo para a adhesión a tratamentos de prescripción facultativa.

INTERVENCIÓN FAMILIAR CON FAMILIAS EN EXCLUSIÓN SOCIAL

Prestase apoio as familias con maior vulnerabilidade ou en situacións de crise para que poidan superar as situacións de dificultade, favorecendo a autonomía persoal e familiar e mellorando as relacións de convivencia . Favorecer a súa autonomía económica a través da práctica laboral, fomentando a participación de mulleres e

homes en igualdade. Promover a adquisición por parte das familias de habilidades e competencias para o axeitado desenvolvemento das súas funcións parentais e educativas en igualdade e corresponsabilidade.

Favorecer a integración, promoción e participación das familias en tódolos ámbitos da vida comunitaria.

Realízanse intervencións técnicas nas distintas áreas nas que as familias presenten dificultades, así como traballo socioeducativo con grupos para levar a cabo programas específicos de competencias sociais, condutas de interacción para a resolución de conflitos, favorecer a expresión dos sentimentos, afectos e emocións para a prevención de relacións negativas.

Levanse a cabo actuacións con grupos de pais/nais para crear espazos onde compartir experiencias e proporcionarlles información, mellora de destrezas, formacións sobre ciclos vitais, recursos axeitados.

PROGRAMA INCLUSIÓN SOCIAL A PERSOAS INMIGRANTES.

O obxectivo xeral dos programas de atención a persoas inmigrantes é o de promover a inclusión social das persoas inmigrantes residentes na nosa cidade coa finalidade de que poidan acceder a todas as prestacións e recursos existentes en igualdade de condicións que os nacionais.

P. INCLUSIÓN SOCIAL BÁSICA.

O obxectivo específico desde programa é realizar un estudo e valoración persoalizado de cada caso, potenciar o incremento das habilidades persoais e sociais dos participantes tanto no ámbito socioeducativo, de saúde, relacional e de participación. Outro obxectivo é o de promover a adquisición de competencias e habilidades para o axeitado desenvolvemento das súas funcións parentais e educativas, seguimento escolar e médico dos menores a cargo.

Dende este programa realízase unha diagnose, seguimento e avaliación do proxecto de inclusión social e/ou sociolaboral persoalizado para usuario/a ou familia, acompañamento social, accións para a adquisición e/ou fortalecemento das capacidades persoais e sociais, incluídas as dirixidas á mellora da administración da economía familiar.

O resultado do programa é o de previr a situación de risco de exclusión social dos menores, melloras as capacidades e habilidades parentais das familias e realizar os seguimentos escolares dos menores.

P. INCLUSIÓN RESIDENCIAL.

O obxectivo específico deste programa é o de promover o acceso e mantemento da vivenda, mellorar a calidade do aloxamento e reducir o número de vivendas que poidan ser consideradas infravivendas.

As accións que se realizan dende este programa son a intermediación inmobiliaria, a prevención da discriminación no mercado da vivenda e acompañamentos nos procesos de transición a recursos residenciais estables e a mediación na resolución de conflitos relacionados coa vivenda, de ser o caso.

Os resultados previstos para este programa é o de incrementar o número de persoas que manteñen unha vivenda normalizada en condicións axeitadas de habitabilidade, e mellorar a calidade do aloxamento das persoas inmigrantes.